

# O Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional (SNCFP)

## Sumario

- 1 Introducción ó SNCFP
- 2 Instrumentos e accións do SNCFP
- 3 Obxectivos do SNCFP
- 4 Finalidades do SNCFP

## Introdución ó SNCFP

A Lei orgánica 5/2002 crea o **O Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional (SNCFP)** para dar resposta ás demandas de **cualificación** das persoas e empresas nunha sociedade en continuo proceso de cambio e innovación.

- O SNCFP está formado polos instrumentos e accións necesarios para promover e desenvolver a integración das ofertas de formación profesional, así como a avaliación e acreditación das correspondentes competencias profesionais, con independencia da súa forma de adquisición (aprendizaxes formais, non formais, informais ou a través da experiencia laboral).

## Instrumentos e accións do SNCFP

- O **Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais**, de estrutura modular, inclúe o contido da formación profesional asociada a cada **cualificación**.
- Un procedemento de recoñecemento, avaliación, acreditación e rexistro das **cualificacións profesionais**.
- A información e orientación en materia de formación profesional e emprego.
- A avaliación e mellora da calidade do SNCFP, para proporcionar a oportuna información sobre o funcionamento deste e sobre a súa adecuación ás necesidades formativas individuais e ás do sistema produtivo.

## Obxectivos do SNCFP

- Orientar a formación ás demandas de cualificación das organizacións produtivas.
- Facilitar a adecuación entre a oferta e a demanda do mercado de traballo.
- Estender a formación ao longo da vida.
- Fomentar a libre circulación de traballadores.

## Finalidades do SNCFP

- Capacitar aos traballadores para o exercicio profesional.
- Promover unha oferta formativa de calidade.
- Proporcionar información e orientación sobre formación profesional e cualificacións para o emprego.
- Favorecer o espírito emprendedor mediante a incorporación á oferta formativa de accións que capaciten para o desempeño de actividades empresariais e por conta propia.
- Avaliar e acreditar oficialmente a cualificación profesional, sexa cal sexa a forma de adquisición.
- Favorecer a inversión pública e privada na cualificación de traballadores e aproveitar do mellor modo os recursos adicados a formación profesional.